

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 9 DE ABRIL DE 2010

1.- Fondo Estatal para o emprego e a sostibilidade local.

- apróbase o proxecto e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a contratación da **recuperación de zona verde na contorna do río Corvo (Salgueiriños)**, por procedemento aberto e trámite de urxencia, establecéndose un tipo de licitación de 515.373,83 euros.

- apróbase o proxecto e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a contratación da **ampliación, adecuación, supresión de barreiras arquitectónicas e sinalización de sendeiro autoguiado polos parques de Compostela** por procedemento aberto e trámite de urxencia, establecéndose un tipo de licitación de 129.310,44 euros.

- apróbanse os pregos de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a contratación do proxecto **"implantación dun portal de contratación pública electrónica"**, por procedemento aberto e trámite de urxencia, establecéndose un tipo de licitación de 166.379,31 euros.

- adxudícase provisionalmente o contrato de **dirección facultativa das obras de substitución tecnolóxica da rede de auga e alumado público, recollida selectiva de lixo e mellora vial na rúa Arzúa (Almáciga)** á empresa PROYFE, por importe de 27.800 euros.

- apróbanse os pregos de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a contratación do proxecto **"modernización e mellora da xestión e da atención social"**, por procedemento aberto e trámite de urxencia, establecéndose un tipo de licitación de 86.206,90 euros.

- apróbase o proxecto e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a contratación do proxecto **substitución materiais e tecnoloxías na rede de auga e alumado, infraestruturas de recollida selectiva de lixo mediante colectores soterrados e mellora de seguridade vial na rúa república do Salvador (Xeneral Pardiñas-Hórreo)** por procedemento aberto e trámite de urxencia, establecéndose un tipo de licitación de 573.517,19 euros.

- adxudícase definitivamente o servizo de **dirección facultativa media e coordinación de seguridade e saúde das obras de reurbanización de contornos urbanos de acceso á cidade: Rosalía de Castro, dende Romero Donallo-Santa Marta-Choupana-Volta do Castro á empresa PROYFE, S.L.**, por importe de 42.000 euros máis IVE.

- adxudícase definitivamente o servizo de **dirección facultativa media e coordinación de seguridade e saúde das obras de reurbanización dos contornos urbanos de acceso á cidade: Galeras-Salvadas-Vista Alegre** á empresa PROYFE, S.L., por importe de 51.900 euros máis IVE.

- adxudícase provisionalmente o contrato das **obras de reforzo do firme na vía pública M-43-IV Urceira (Eixo)**, incluídas no POS ADICIONAL 2/2009 da Deputación da Coruña, á empresa EULOGIO VIÑAL por importe de 40.612,29 euros.

2.- Proposta das concelleiras delegadas de Participación Cidadá e Benestar Social relativa á solicitude dunha subvención para actividades de voluntariado.

Acórdase solicitar dúas subvencións para os programas "Fai o Camiño Connosco" (5.000 euros), e "Compostela Integra" (1.000 euros).